

TEMA 28. A EVOLUCIÓN DA SOCIEDADE NO SÉCULO XIX

ORIENTACIÓNS DA PAU: Sempre tendo en conta a información subministrada polos documentos, o alumnado terá que explicar como as transformacións da economía conduciron ao xurdimento dunha nova estrutura social onde a burguesía e o proletariado se converten nas dúas clases fundamentais fronte aos grupos sociais tradicionais. Ademais, deberá referirse ás condicións de vida das clases traballadoras (nas cidades, sometidas as longas xornadas de traballo e baixos salarios) e no campo (malvivindo dos seus escasos recursos ou sometidos á vontade dos grandes propietarios). Con respecto á situación das mulleres, sería preciso que incidise na loita polos seus dereitos: discriminación laboral, salarial e política (movemento sufraxista).

Os documentos obxecto de comentario farán referencia a:

- condicións de vida e traballo das mulleres no s. XIX
- loita polos seus dereitos.

1. INTRODUCCIÓN

O século XIX en España é un tempo de profundos cambios na estrutura social derivados das transformacións económicas e políticas. Estes cambios están acompañados de continuidades que fan do século XIX unha época na historia de profundos contrastes sociais, culturais, económicos e rexionais. A desigual implantación da sociedade industrial en España fará que as diferencias rexionais nos aspectos mencionados sexan enormes.

A incorporación da industria ao tecido produtivo do Estado español supón a aparición das clases sociais da burguesía industrial e do proletariado. Estas dúas clases que representan a modernidade en España estarán acompañadas do grupo social maioritario: o campesiñado. O s. XIX é un século de contrastes mediados polos cambios e as permanencias. A nova sociedade liberal-capitalista e as vellas estruturas do Antigo Réxime conviven. As primeiras impoñendo as súas lóxicas políticas e sociais, as segundas resistindo a súa desaparición.

2. REORGANIZACIÓN DOS ESTAMENTOS PRIVILEXIADOS: NOBREZA E CLERO

O triunfo do liberalismo, a partir sobre todo da morte de Fernando VII e a experiencia das Cortes de Cádiz, establece un modelo social baseado no principio da igualdade xurídica da cidadanía. Isto supón a eliminación dos privilexios estamentais propios do Antigo réxime. Con todo, esta igualdade non será gozada por toda a sociedade. A condición de propietario definía o acceso aos dereitos básicos de participación política como foi o sufraxio censatario masculino. O eixo definitorio da pirámide social trasládase dos privilexios por nacemento á riqueza.

Os privilexios desaparecen de forma gradual, mais a mediana e alta **nobreza consolida a súa influencia social e política** a través do seu grande patrimonio agrario e inmobiliario. Os procesos de desamortización reforzarán este patrimonio e consolidarán a súa posición na oligarquía gobernante.

Respecto do **clero**, os procesos de desamortización e a eliminación de tributos como o décimo minguaron o seu patrimonio e principal fonte de ingresos. O forte anticlericalismo social, presente por exemplo nas revoltas liberais dos anos 1830, non impediu que a Igrexa atopase no novo estado liberal a compensación por estas perdas. O resultado das negociacións Igrexa-Estado reflíctese no Concordato de 1851 onde se establece que o Estado se compromete á mantenza do culto e dos ministros da Igrexa. Así mesmo, todos os niveis de educación estarán en conformidade coa doutrina da relixión católica. O seu poder e influencia social son un signo definitorio da sociedade do s. XIX. .

3. NOVA ELITE: A BURGUESÍA

Esta vella oligarquía terá que facer un sitio á burguesía. A implantación do liberalismo e a lenta mais progresiva industrialización de España conformou unha burguesía vencellada ao comercio, as finanzas e á industria. A grande burguesía formouse ao abeiro da compra de débeda pública e da especulación en bolsa. Unha parte importante viuse atraída pola compra de terras das desamortizacións e a

consecucións de títulos nobiliarios nun proceso denominado de **aristocratización**. Como dato significativo, podemos mencionar que durante o s. XIX outorgáronse case 400 novos títulos nobiliarios por parte da coroa.

En España existiu unha burguesía industrial interesada no desenvolvemento dos seus negocios. Iso si, estivo localizada, sobre todo, en Euskadi e Cataluña. A relación co Estado limitouse a garantir as políticas necesarias para mellorar a súa actividade industrial e a súa capacidade de “contaxio” a outras rexións de España foi moi escasa.

4. A FORZA DE TRABAJO: O PROLETARIADO

O proletariado é a forza de traballo da nova sociedade industrial. En orixe provén do ámbito rural atraído pola concentración urbana de complexos fabrís e como consecuencia das sucesivas desamortizacións impulsadas no s. XIX. Pertencen ás clases populares que tamén inclúen a xornaleiros, campesiñado e traballadores do sector servizos.

A lenta e desigual industrialización farán do proletariado un grupo reducido durante a maior parte do s. XIX. En 1860 había no Estado español un total de 485.000 obreiros e 23.000 mineiros. Un número escaso comparado con outros países europeos.

As condicións laborais e salariais do proletariado son moi precarias durante todo o século con xornadas de 12 e 14 horas. Os salarios escasos obrigan o traballo de mulleres e crianzas, con salarios aínda moito menores. A clase obreira ocupa os suburbios das cidades en condicións de pésima habitabilidade. Todo isto provoca a propagación de enfermidades infecciosas como a tuberculose ou o cólera. A polarización social non remata coa chegada do liberalismo. Ao contrario, consolídase.

5. O CAMPESIÑADO

As desamortizacións e a disolución do réxime señorial non alteraron a estrutura da propiedade da terra. Os antigos terratenentes conservaron as súas propiedades e mesmo as aumentaron no proceso de reforma agraria.

O campesiñado vive diferentes realidades dependendo dos territorios de Estado. Na metade sur a figura máis frecuente é a do xornaleiro, o 37% da poboación total na metade do século. O xornaleiro, a fame, a precariedade e o traballo constante pasan a ser sinónimos. As condicións laborais e salariais dos xornaleiros obriga a mulleres e crianzas a traballaren para o sustento do aglomerado doméstico. O control social e a explotación por parte dos señores terratenentes é unha constante durante todo o século e fonte de conflitividade social.

Na metade norte podemos falar dun campesiñado pequeno propietario que se xunta a outro arrendatario e preso de contratos de foros coa Igrexa ou a fidalguía que se mantiveron en activo até o s. XX.

6. ARTESÁNS E OFICIOS URBANOS

Aínda desaparecidos os privilexios gremiais coas reformas liberais, o artesanado conserva a súa forza nas manufacturas. En 1860 as persoas ocupadas en oficios artesáns e axudantes ou aprendices doblan en número ao proletariado.

O crecemento das cidades aumenta a oferta de traballos no sector servizos. Por veces asociados á administración, infraestrutura urbana ou o comercio supoñen un variado grupo de traballadores. Destacamos os traballos relacionados co servizo doméstico, unha saída laboral para mulleres, que podían tamén ser amas de cría. Estes traballos ofrecen condicións precarias.

7. A MULLER

A revolución liberal non supón un cambio substancial na situación da muller, nin na política, nin no seu papel ou rol social. A muller segue sendo o eixo fundamental do fogar e da familia. En principio, a incorporación da muller ao mundo laboral é escasa, aínda que aumenta a medida que o país se transforma economicamente. No campo continúa a súa presenza nas tarefas agrícolas e no mundo industrial comeza a ocupar postos de baixa cualificación e sempre de menor remuneración salarial. Nas cidades o sector doméstico constitúe o seu principal destino laboral.

Nas clases media e alta, a muller segue desempeñando labores de organización e administración das súas respectivas casas e familias. Entre 1812 e a década de 1850 xorde un movemento feminino de carácter filantrópico e caritativo con dúas vertentes: A primeira, de carácter conservadora, tivo nas *Xuntas de Damas da Sociedade Matritense* o seu lugar de acción. A segunda desenvolveuse ao redor dos círculos progresistas nos que destacou a galega **Juana de la Vega**.

A partir de 1868, co Sexenio Democrático, aprécianse intentos de mellora das condicións da muller. Esta mellora virá da man do **krausismo**, a Institución Libre de Ensino e os debates de renovación pedagóxica. A comezos do s. XX, o 70% das mulleres son analfabetas fronte ao 50% dos homes. En 1870 fúndase a *Asociación para a Educación da Muller*. Esta asociación outorga o acceso limitado das mulleres ao ensino superior. O debate educativo esténdese no movemento obreiro, sobre todo nos círculos anarquistas. Froito deste debate e o empurre de personalidades como **Concepción Arenal** ou **Emilia Pardo Bazán**, en 1877 modifícase a lei educativa para recomendar a creación de Escolas Normais para nenas en cada provincia. En todo caso, o debate educativo afecta en exclusiva ás elites sociais.

En termos xurídicos, o s. XIX reduce á **muller a unha cidadá menor de idade**. O Código Penal de 1889, o Código de Comercio de 1885 ou o Código Civil de 1889 limitan os dereitos laborais e civís das mulleres. Por exemplo, non poden traballar ou realizar transaccións comerciais sen o permiso do pai ou esposo; o adulterio penalízase con cárcere para as mulleres e con pequenas multas para os homes en determinadas circunstancias.

Parte do movemento feminista estivo ligado ao movemento obreiro. Destaca a *Sociedade Autónoma de Mulleres de Barcelona*, primeira asociación feminista do Estado fundada en 1891 por **Teresa Claramunt**, anarquista, e a intelectual **Ángeles López de Ayala**, entre outras. Defenden a igualdade xurídica, educativa e salarial das mulleres.

En España non houbo un movemento sufragista da forza do británico ou estadounidense. De feito, a cuestión do dereito ao voto non entra no debate da “cuestión da muller” até entrado no s. XX. No ano 1918 fúndase a *Asociación Nacional de Mulleres Españolas* (ANME), primeira agrupación oficialmente sufragista no Estado. En 1921 tivo lugar a primeira manifestación nas rúas de Madrid en favor do sufraxio feminino. O dereito ao voto é recoñecido na constitución republicana de 1931 e exercerase por vez primeira no ano 1933. **Clara Campoamor** e **Victoria Kent** tiveron un papel crucial nesta conquista.

Podemos afirmar que se ben o s. XIX supón a introdución da igualdade xurídica en moitos aspectos, as desigualdades sociais e económicas seguiron definindo unha sociedade polarizada. En referencia á muller, o s. XIX supón un avance moi limitado nos seus dereitos e haberá que agardar até o s. XX para ver recoñecidos dereitos como o do sufraxio. Con todo, a loita pola igualdade real aínda continúa.

Bibliografía consultada:

Gatell Arimont, C. et al. (2023): Historia de España. Bachillerato. Ed. Vivens Vives, Barcelona

Morcillo, Aurora G. (2018): “Relaciones de género”. En: Álvarez Junco, José e Shubert, Adrian (2018): *Nueva historia de la España contemporánea (1808-2018)*. Galaxia Gutenberg, Barcelona. pp (298-322).

<https://www.nuevatribuna.es/articulo/cultura---ocio/lucha-mujeres-espana-contemporanea/20150714212551118054.html> [consultado o 22.01.24]